

MPN/mcm

Expediente nº:2022048057

ASUNTO.- INFORME DO SERVIZO DE COOPERACIÓN SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA FACER FRONTE A DIVERSAS NECESIDADES DE GASTO.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, a través do proxecto europeo Smart Miño aprobado na 1ª Convocatoria do POCTEP 2014-2020, participou na elaboración da estratexia *Río Miño Transfronteirizo 2030*, o que supuxo un fito na cooperación transfronteiriza, xa que por primeira vez analizouse económica, social e politicamente o conxunto do territorio, entendendo o río como o elemento que vertebra a área xeográfica e non como unha fronteira.

Non obstante, para seguir avanzando na área da cooperación co norte de Portugal, faise necesario mellorar a proxección internacional da Deputación reforzando a súa acción exterior.

Segundo.- Coa aprobación da lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da Acción Exterior e da Cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e co fin de potenciar de maneira directa a conectividade da Deputación de Pontevedra coa acción exterior de Galicia, e de maneira particular nas relacións de Galicia e Pontevedra cos territorios intercontinentais de lingua oficial portuguesa no marco da acción exterior española, propónse a realización dun convenio de colaboración cunha entidade con experiencia na estratexia de acción exterior.

Terceiro.- En xullo do 2022 o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) a través da sede electrónica (WEB2021026369), propón a realización dun convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra, xa que dita entidade conta con experiencia na estratexia de acción exterior.

Cuarto.- Aínda que inicialmente estimouse que esta actividade podía ser desenvolvida mediante un convenio de colaboración con algunha das universidades galegas, despois do análise dos obxectivos a alcanzar e da proposta de colaboración presentada polo IGADI, considerouse que é esta última a entidade mais axeitada para potenciar a acción exterior da Deputación de Pontevedra, especialmente cos territorios de lingua oficial portuguesa, xa que o IGADI leva mais de trinta anos desenvolvendo un papel importante na acción exterior oficial galega, e que é parte experta do Consello Galego de Acción Exterior da Xunta de Galicia desde a súa creación en 2010.

Quinto.- Para o financiamento desta subvención nominativa, estímase adecuada unha dotación económica de **13.780,00 €** por parte da Deputación. Non obstante, nestes momentos non existe dotación económica nin aplicación orzamentaria específicas para esta actividade.



Sexto.- A aplicación orzamentaria idónea para imputar este gasto é a 22/942.4330.489.01 CONVENIOS CON ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO (IGADI), polo que é necesario tramitar un expediente de modificación de crédito polo importe sinalado para dotala do crédito necesario.

Sétimo.- Por outro lado, para financiar este crédito extraordinario, estímase adecuado minorar en 13.780, 00 € a aplicación 22/942.9431.453.94 A. UNIVERSIDADES PROXECTOS TRANSFRONTEIRIZOS .

Dita partida foi anteriormente suplementada xa que, como se explicou no punto cuarto, inicialmente o convenio sobre acción exterior da Deputación ía ser desenvolvido a través dalgunha das universidades galegas.

Por outra banda e tendo en conta as datas nas que nos atopamos, é moi difícil que a totalidade do crédito existente na dita partida sexa empregado para a desenvolvemento de convenios coas universidades.

A minoración de crédito desta aplicación non afectará á prestación dos servizos para os cales estaba destinada.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da lei reguladora das facendas locais (RDL 2/22004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2022, infórmase favorablemente esta proposta de crédito extraordinario e solicítolle que se fagan os trámites oportunos para a súa aprobación, do seguinte xeito:

Aplicacións nas que se xenera o crédito extraordinario

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/942.9431.489.01	CONVENIOS CON ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO (IGADI)	13.780 €
Total.....		+ 13.780,00 €

Aplicacións que minoran o crédito (financian o crédito extraordinario)

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/942.9431.453.94	A. UNIVERSIDADES PROXECTOS TRANSFRONTEIRIZOS	13.780,00 €
Total.....		- 13.780,00 €

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

A XEFA DO SERVIZO DE COOPERACIÓN
(documento asinado electrónicamente)
 Asdo.: Marina Piñeiro Novo

Vº e Prace
 O DEPUTADO DELEGADO
(documento asinado electrónicamente)
 Asdo.: Uxío Benítez Fernández



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

No próximo expediente de modificación de crédito deben incluirse as que a continuación se detallan:

- 1.- Na aplicación 22/330.3340.226.32 (Gastos diversos, Programa de teatro_Cultura (Tornar ás táboas) incluír 25.000,00 €.
- 2.- Na aplicación 22/330.3340.226.33 (Gastos diversos, Programa de cine_Cultura (Cine-móbil musicalizado) incluír 245.000,00 €.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe

